



Excmo. Concello
da Estrada

Regulación dos prezos públicos por servizos ou actividades promovidos polo concello de A Estrada nas áreas de cultura, deporte, xuventude e servizos sociais

Nº 37

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO

No uso das facultades concedidas polo artigo 127 do R. Decreto-Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o concello de A Estrada establece os prezos públicos en materia de cultura, deporte, xuventude e servizos sociais regulados nas seguintes normas, que atenden ao disposto nos artigos 41 a 47, ambos inclusive, da mesma Lei.

ARTIGO 2º.- CONCEPTO

Os prezos públicos regulados nesta ordenanza son as prestacións pecuniarias satisfeitas polos servizos ou actividades de tipo cultural, deportivo ou social promovidos polo concello de A Estrada, tales como:

- Escolas deportivas.
- Programas de cultura e xuventude: obradoiros culturais, espectáculos, etc.
- Programas de servizos sociais: campamentos, viaxes, obradoiros e outros, sempre que carezan de regulamentación específica de prezo público.

ARTIGO 3º.- OBRIGADOS AO PAGAMENTO

Están obrigados ao pagamento destes prezos públicos os usuarios ou beneficiarios dos servizos ou actividades referidos no artigo anterior.

ARTIGO 4º.- RETRIBUCIÓN

A obriga de pagamento nace cando se formalice a inscrición no servizo ou na actividade que se vaia a realizar.

ARTIGO 5º.- CONCEPTOS E CONTÍAS

1.- No uso da facultade prevista nos artigos 47.1 do R. Decreto-Legislativo 2/2004 e 23.2b) da Lei 7/1985, o Pleno do Concello delega na Xunta de Goberno Local a competencia para concretar os conceptos e contías destes prezos públicos e proceder ás súas modificacións.

2.- A Xunta de Goberno Local, á vista da programación elaborada polo responsable do departamento correspondente, fixará os prezos de cada servizo ou actividade, que

poderán non cubrir os seus custes atendendo ás razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público debidamente xustificadas mediante informe anexo á dita programación, todo isto de conformidade co disposto no artigo 44 do R. Decreto-Legislativo 2/2004, e coa fiscalización previa da Intervención municipal.

3.- O acordo que se adopte exporase no taboleiro do concello para efectos da súa publicidade.

ARTIGO 6º.- NORMAS DE XESTIÓN

1.- Os obrigados ao pagamento deberán presentar a oportuna autoliquidación consonte ao modelo que lles será facilitado, e ingresar o importe correspondente nas entidades colaboradoras do concello nos prazos que estableza a Xunta de Goberno Local e sempre antes do inicio da prestación dos servizos ou actividades.

2.- Procederá a devolución do importe satisfeito cando o servizo ou a actividade non se presten por causas non imputables ao obrigado ao pagamento do prezo, e cando non sexa admitida a solicitude de inscrición.

Nos demais casos, a falta de asistencia ao servizo ou actividade en que o interesado figure inscrito dará dereito á devolución, como máximo, do 80 por cento do ingresado, sempre que o obrigado ao pagamento comunique a súa renuncia mediante escrito rexistrado de entrada no concello cunha antelación mínima de cinco días ao sinalado para o comezo do correspondente servizo ou actividade, acompañando o resguardo expedido pola entidade colaboradora.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza, aprobada definitivamente o 17 de setembro de 2009, entrará en vigor e comezará a aplicarse aos quince días hábiles da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e manterase vixente ata a súa derogación ou modificación expresas.

Publicación B.O.P.: 23-11-09